



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA, O REAL AERoclub DE LUGO, E A EMPRESA ACTIVIDADES AERONÁUTICAS LUCENSES, S.L., PARA INSTALACIÓN DUN AULA-TALLER PREFABRICADA E DESMONTABLE E O SEU DESTINO EDUCATIVO, NO AERÓDROMO DE ROZAS (LUGO).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Real Aeroclub de Lugo e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura mentres que se manteña a actividade docente na Aula-Taller e, en todo caso, ata a data de vencemento do convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Estaban Terradas e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L. Esta vixencia poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes no caso de que non se rematasen as obras previstas nel.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Articular as bases de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, o Real Aeroclub de Lugo, e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses S.L., para instalación dun aula-taller prefabricada e desmontable e o seu destino educativo, no Aeródromo de Rozas (Lugo).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A lexislación de réxime local establece como unha das competencias propias dos concellos a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

